| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación*.

**2.-** Vistos os escritos presentados por José Ramón Pérez Castro en representación de **Ramón Pérez Sampedro,** de datas 17/09/2018 e 27/11/2018 (Rexistros de entrada nº 13.302 e 16.902), nos que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da comunicación de obra para rehabilitación de cuberta e paramentos dun alpendre en Gude, nº 4, Artes.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 22/11/2018, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/11/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

**Primeiro**.- ***ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.***

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2018/COMU000096, formulada por **Ramón Pérez Sampedro**, coa seguinte contía: **300,00 €**.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**2.-** Visto o escrito presentado por **José V. Ouviña Sampedro,** de data 10/09/2018 (Rexistro de entrada nº 13.048), no que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da licenza de obra nº 638/07 para construción de edificio de vivendas en Insuela, Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 28/11/2018, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/11/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro**.- ***ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.***

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra e fianza de execución de obras (Expediente de obras nº 638/2007, formulada por **José V. Ouviña Sampedro**, coa seguinte contía: **13.138,92 €** e **10.015,44 €**.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

**1.-** Visto o escrito presentado por **José Benito Ventoso Rivas**, de data 27/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.913), no que solicita información urbanística sobre parcela de natureza rústica situada en Paraxe de Seares, Carreira

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/11/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:




| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A parcela obxecto do presente informe correspóndense coa seguinte referencia catastral:

.- 15074A821008030000ZI

2.- A presente parcela atópase, de xeito parcial, dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección ordinaria.**

3.- No presente caso serallle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo **31.1** da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

*Artigo 31. Concepto e categorías*

*1. Terán a condición de solo rústico:*

*a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.*

*b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.*

*c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.*



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

**2.-** Visto o escrito presentado por María Dolores Losada García en representación de **Unión Fenosa Distribución, S.A.**, de data 20/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.590), no que solicita información urbanística sobre a titularidade dunha banda de terreo sobre a que se pretenden realizar obras de acometida soterrada de subministración de enerxía eléctrica, situada en Rúa do Prado (Corrubedo).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/11/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

a) A zona de actuación afecta a un espazo localizado sobre a rúa do Prado, a cal é de titularidade municipal.

b) De acordo coa ordenación operada polo PXOM o ámbito de actuación é de solo urbano consolidado e afectado pola zona de servidume do dominio público marítimo terrestre (Costas)

**3.-** Visto o escrito presentado por **Ana Lanevschi Puente**, de data 21/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.617), no que solicita información urbanística sobre parcela situada en Novaliño (Palmeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/11/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Vista a localización da dúas fincas de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- As parcelas obxecto do presente informe correspóndense coa seguinte referencia:

15074A034002640000KG
15074A034002030000KL

2.- As dúas parcelas indicadas no apartado anterior atópanse dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección forestal.**

3.- No presente caso seralle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección forestal), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo **31.1** da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

*Artigo 31. Concepto e categorías*

*1. Terán a condición de solo rústico:*

*a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.*

*b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.*

*c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.*

**4.-** Visto o escrito presentado por Ramón Souto Caneda en representación de **Uneda, S.L.**, de data 22/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.671), no que solicita información urbanística e relativa ás cargas urbanísticas dunha parcela sita no lugar de Atalaia (Corrubedo).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 04/12/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

REFERENCIA CATASTRAL: 15074A050013520000KQ e 15074A050013520000KP

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, así como os datos do arquivo municipal, cómpre informar o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación no presente caso a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

2) O réxime para esta clase e categoría de solo (urbano consolidado) ven regulado nos artigos 16-20 da lei 2/2016 do solo de Galicia.

3) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a ordenanza 6.2 do PXOM, recollida no artigo 157 do PXOM. Os parámetros mais significativos da mesma son os seguintes:

| | |
|---|---|
| .- Uso característico: | vivenda colectiva en hilera |
| .- Parcela mínima: | 200 m2. |
| .- Ocupación máxima: | 50%. |
| .- Edificabilidade máxima: | 1,25 m2/m2. |
| .- Número máximo de plantas: | B+ 1P + Bc. |
| .- Altura da edificación: | 6,50 metros. |
| .- Altura de coroación: | 4 metros. |

A ordenanza ven publicada no BOP de data de 14 de xaneiro de 2003.

4) Por outra parte, cabe sinalar que con data de 10.05.2007 (licenza nº 350) a Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza á entidade UNEDA, s.l. para a execución de 1 bloque para un total de 30 vivendas. Posteriormente a XGL, en sesión de data de 10.07.2014, acorda aceptar a renuncia da licenza, así como a conseguinte devolución do ICIO.

**5.-** Visto o escrito presentado por Ramón Souto Caneda en representación de **Uneda, S.L.**, de data 22/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.672), no que solicita información urbanística e relativa ás cargas urbanísticas dunha parcela sita na Rúa Buenos Aires (Corrubedo).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 04/12/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

REFERENCIA CATASTRAL: 15074A051001620000KB e 15074A051001630000KY

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, así como os datos do arquivo municipal, cómpre informar o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

pola Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación no presente caso a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

2) O réxime para esta clase e categoría de solo (urbano consolidado) ven regulado nos artigos 16-20 da lei 2/2016 do solo de Galicia.

3) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a ordenanza 6.3.a do PXOM, recollida no artigo 157 do PXOM. Os parámetros mais significativos da mesma son os seguintes:

| | |
|---|---|
| .- Uso característico: | vivenda unifamiliar. |
| .- Parcela mínima: | 500 m2. |
| .- Ocupación máxima: | 30%. |
| .- Edificabilidade máxima: | 0,80 m2/m2. |
| .- Número máximo de plantas: | B+ 1P + Bc. |
| .- Altura da edificación: | 6,50 metros. |
| .- Altura de coroación: | 4 metros. |

A ordenanza ven publicada no BOP de data de 14 de xaneiro de 2003.

4) Por outra parte, cabe sinalar que con data de 10.05.2007 (licenza nº 349) a Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza á entidade UNEDA, s.l. para a execución de 4 bloques para un total de 23 vivendas. Posteriormente a XGL, en sesión de data de 10.07.2014, acorda aceptar a renuncia da licenza, así como a conseguinte devolución do ICIO.

**6.-** Visto o escrito presentado por Ramón Souto Caneda en representación de **Souto Caneda Construcciones, S.L.**, de data 22/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.675), no que solicita información urbanística e relativa ás cargas urbanísticas dunha parcela sita na Rúa Delicias (Corrubedo).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 04/12/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

REFERENCIA CATASTRAL: 15074A902016390000UU

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, así como os datos do arquivo municipal, cómpre informar o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

pola Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación no presente caso a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

2) O réxime para esta clase e categoría de solo (urbano consolidado) ven regulado nos artigos 16-20 da lei 2/2016 do solo de Galicia.

3) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a ordenanza 6.3.b do PXOM, recollida no artigo 157 do PXOM. Os parámetros mais significativos da mesma son os seguintes:

| | |
|---|---|
| .- Uso característico: | vivenda unifamiliar. |
| .- Parcela mínima: | 1.000 m2. |
| .- Ocupación máxima: | 30%. |
| .- Edificabilidade máxima: | 0,40 m2/m2. |
| .- Número máximo de plantas: | B+ 1P + Bc. |
| .- Altura da edificación: | 6,50 metros. |
| .- Altura de coroación: | 4 metros. |

A ordenanza ven publicada no BOP de data de 14 de xaneiro de 2003.

4) Por outra parte, cabe sinalar que con data de 26.04.2007 (licenza nº 327) a Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza á entidade Souto Caneda Construcciones, s.l. para a execución de 2 bloques para un total de 10 vivendas. Posteriormente a XGL, en sesión de data de 28.08.2014, declarou a caducidade da licenza, así como a conseguinte devolución do ICIO.

**7.-** Visto o escrito presentado por **Juan Andrés Saíñas Pérez**, de data 27/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.914), no que solicita información urbanística sobre unha parcela de natureza rústica situada nas inmediacións do lugar de Fonterramil (Castiñeiras).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/11/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A parcela obxecto do presente informe correspóndense coa seguinte referencia catastral:

.- 15074A921005330000UQ



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

2.- A presente parcela atópase, de xeito parcial, dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección ordinaria.**

3.- No presente caso seralle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo **31.1** da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

*Artigo 31. Concepto e categorías*

*1. Terán a condición de solo rústico:*

*a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.*

*b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.*

*c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.*

## IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA ANA CAAMAÑO PÉREZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE DON JUAN CAAMAÑO MILLARES, POR DANOS NO VEHÍCULO C5410CH OCASIONADOS POR MOR DA TAPA DUN SUMIDOIRO QUE BATEU CONTRA O MESMO. Expediente: RP/6/2018.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona Ana Caamaño Pérez**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*PRIMEIRO*.- O día 02/03/2018, D. Juan Caamaño Millares tiña o vehículo da súa propiedade marca Citroen Xsara, con placas de matrícula C5410CH, aparcado na porta do seu domicilio, sito no número 1 da Rúa das Cobas, parroquia de Castiñeiras, cando unha tapa dun sumidoiro bateu contra a defensa do vehículo o que lle ocasionou unha serie de danos.

*SEGUNDO.-* Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/03/2018 co número 2.982, dona Ana Caamaño Pérez, en nome e representación de D. Juan Caamaño Millares, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polos danos sufridos no automóbil antes referido.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: catro fotografías da parte danada do vehículo; e presuposto de reparación dos danos emitido por "*Taller Los Amigos*" e cuxa contía ascende a 390,23 euros.

*TERCEIRO.-* Como consecuencia da instrución do expediente constan no mesmo: informe emitido na data 28/05/2018 pola enxeñeira municipal; informe emitido na data 01/06/2018 pola Policía Local; certificado de titularidade do vehículo C5410CH remitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 06/06/2018 co número 8.416; informe emitido por Viaqua, rexistrado de entrada na data 15/06/2018 co número 9.091; e informe emitido na data 12/11/2018 polo capataz do GAEM.

*CUARTO.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53

DOCUMENTO: 20180298009
Fecha: 13/12/2018
Hora: 10:40

Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**CUARTO.-**

En referencia agora ó presente caso, a lexitimación activa para presentar a reclamación de referencia osténtaa o Sr. Caamaño Millares, como titular do vehículo danado. E presenta a súa reclamación en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

Actúa representado por Dª Ana Caamaño Pérez, que acredita debidamente a súa representación mediante acta de apoderamento apud acta por comparecencia persoal de data 18/06/2018.

A lexitimación pasiva, corresponde ao Concello de Riveira, por ser a Administración titular tanto da rúa na que aconteceu o accidente, como do saneamento da zona. Así o dispón a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 28/05/2018.

Independentemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, resulta demostrado o dano que motiva a reclamación tal e como se desprende do presuposto de reparación do automóbil que achega o reclamante.

Sentado o anterior, e entrando no exame do fondo do asunto, cómpre verificar a existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos producidos, é dicir, a verificación da existencia do dano e que este foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Para este efectos, advírtese que no informe emitido na data 01/06/2018 pola Policía local dáse conta de que non hai constancia nin coñecemento dos feitos obxecto da reclamación.

Segundo o informe emitido pola enxeñeira municipal, no departamento de obras públicas do Concello tampouco se tivo coñecemento do sinistro polo que se reclama, sendo imposible determinar a causa dos danos.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

Especialmente significativo é o informe emitido na data 15/06/2018 pola entidade VIAQUA (informe rexistrado de entrada na data 15/06/2018 co número 9.091), no que se dispón o seguinte: *"1) Este servicio no tiene constancia del siniestro producido hasta la comunicación del Concello. 2) No se conocen las causas que pudieron producir el siniestro, ya que no tenemos ningún aviso de ningún tipo en la fecha indicada en esa dirección. 3) No se realizó ninguna actuación por parte de este servicio porque no nos consta ninguna incidencia en esas fechas en la dirección indicada. 4) A raíz de la comunicación del Concello, nos pusimos en contacto con la reclamante y revisamos in situ el registro de alcantarillado que presuntamento originó el siniestro.* ***El registro no tiene ningún tipo de deficiencia y además se encuentra a 7 m. de distancia de donde la reclamante nos indica estaba aparcado el vehículo. Este servicio no tiene constancia, en su larga experiencia en la gestión de redes de saneamiento, de que una tapa de esas características y peso, pueda desplazarse por si sola tantos metros debido a fuertes lluvias.*** *Todo lo cual se pone en conocimiento del Concello de Riveira, para que adopte las medidas que estime oportunas."*

Por outra banda, o capataz do GAEM, no seu informe emitido na data 12/11/2018, dispón: *"Que o día 2 de marzo de 2018 recibiuse unha chamada do 112, para acudir á rúa das Cobas, parroquia de Castiñeiras, por mor dunha tapa dun sumidoiro.* ***Ao chegar ao lugar, viuse que a tapa estaba fora de lugar, e informouse á propietaria de que os incidentes deste tipo son competencia da Policía local. A continuación colocouse a tapa, e abandonouse o lugar, non pudendo precisar con total certeza que os danos sufridos polo vehículo con placas de matrícula C-5410-CH fosen debidos a que a tapa do sumidoiro batera contra o mesmo.*** *Non se ten nada mais que engadir ao respecto."*

Dos informes recadados na instrución do expediente, pódese chegar á conclusión de que non resulta acreditado o nexo causal entre os danos producidos no vehículo do reclamante e a actuación da Administración.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/12/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Ana Caamaño Pérez en nome e representación de D. Juan Caamaño Millares polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

**2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA TERESA MANEIRO CES, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE HELVETIA S.A. POLOS DANOS SUFRIDOS NAS VIVENDAS DO EDIFICIO AGRO DO RÍO COMO CONSECUENCIA DA ROTURA DAS TUBARÍAS DE AUGA. Expediente: RP/4/2018.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona Teresa Maneiro Ces**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*PRIMEIRO*.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/02/2018 co número 2.195, dona Teresa Maneiro Ces, en nome e representación de Helvetia Compañía Suiza S.A de Seguros y Reaseguros, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polos danos sufridos nas vivendas do edificio "*Agro do Río*", sito na Avenida de Lugo 2-4 e Praza Pablo Neruda 1-6, como consecuencia da rotura das tubarias da acometida de auga provocada por un aumento de presión na rede municipal de auga, e que cuantifica na contía total de 3.102,78 euros, solicitando o abono da referida indemnización mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de escritura de poder xeral para pleitos e especial, autorizada na data 21/06/2007 polo Notario de Sevilla, D. Eduardo Villamor Urban, co número 2.318 de protocolo; póliza do ramo "Edificios" C6 U00 0000438; informes periciais emitidos polos peritos D. Francisco Carnero Torres e D. Rubén González Gómez; facturas das reparacións dos danos emitidas por "Rey Laranga S.L." e "Asistencia Barbanza S.L.U."; certificacións emitidas por "Asitur S.L."; e xustificantes das transferencias efectuadas.

*SEGUNDO.-* Como consecuencia da instrución do expediente constan no mesmo: informe emitido na data 11/05/2018 pola enxeñeira municipal; informe emitido na data 14/05/2018 pola Policía local; informe remitido por "*Asistencia Barbanza S.L.U.",* rexistrado de entrada na data 22/5/2018 co número 7.395; informe remitido por Viaqua, rexistrado de entrada na data 22/05/2018 co número 7.395; e informe remitido pola Axencia de Seguros Gude Regueira S.L., rexistrado de entrada na data 04/10/2018.

*TERCEIRO.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da reclamante, que o fai mediante escrito rexistrado de entrada na data 26/11/2018 co número 16.854, e no que reitera a súa petición inicial.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

**SEGUNDO.-**



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53

DOCUMENTO: 20180298009
Fecha: 13/12/2018
Hora: 10:40

compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**CUARTO.-**

En referencia agora ó presente caso, a reclamación formúlase en tempo e forma, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do sinistro que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, a entidade aseguradora reclamante, isto é, HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento, ao asumir a mesma o custe de reparación dos danos producidos nas vivendas do edificio asegurado pola citada entidade, como así consta no expediente coa documentación presentada, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *"El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización."*

A entidade reclamante actúa representada por dona Teresa Maneiro Ces, que acredita a súa representación mediante copia simple de escritura de poder xeral para pleitos e especial, autorizada na data 21/06/2007 polo Notario de Sevilla, D. Eduardo Villamor Urban, co número 2.318 de protocolo.

Independentemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, resulta demostrado o dano que motiva a reclamación tal e como se desprende dos informes periciais e das facturas de reparación dos danos que achega a reclamante.

Sentado o anterior, e entrando no exame do fondo do asunto, cómpre verificar a existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos producidos, é dicir, a verificación da existencia do dano e que este foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Para este efectos, advírtese que **no informe emitido na data 14/05/2018 pola Policía local dáse conta de que non hai constancia nin coñecemento dos feitos obxecto da reclamación.**

Así mesmo, **a enxeñeira municipal, en informe emitido na data 11/05/2018**, dispón que: *"Tanto la Avenida de Lugo como la Plaza Pablo Neruda son de titularidad municipal, al igual que la red de agua y saneamiento de la zona. No se*



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

*tuvo constancia del accidente por el que se reclama. En las fechas en las que sucedió el accidente (febrero de 2017),* ***no consta en el departamento de obras públicas la realización de ninguna obra pública municipal por la zona que pudiese provocar la rotura de las tuberías referidas en la reclamación.*** *Si, tal y como se expone en la reclamación presentada, se estaban realizando trabajos de reparación en la vía pública por la entidad Viaqua, posiblemente se debiese a la existencia de alguna avería en el saneamiento municipal. Con lo cual, sería necesario solicitar informe a la referida entidad, al ser esta la concesionaria de los servicios públicos de abastecimiento de agua potable y saneamiento del Ayuntamiento de Riveira, y por lo tanto la responsable de su conservación y mantenimiento."*

**A entidade *"Asistencia Barbanza S.L.U."*** interveu nunha avaría no edificio "Agro do Río" na data 19/02. Atenderon tanto a orixe (a fuga da auga) e os danos: tapado e pintura; pero **non poden asegurar cal foi a orixe da avaría.** Así o dispón en informe rexistrado de entrada na data 22/05/2018 co número 7.372.

**Especialmente significativo é o informe emitido na data 21/05/2018 pola entidade VIAQUA** (informe rexistrado de entrada na data 22/05/2018 co número 7.395), no que se dispón o seguinte: *"1) Es cierto que en febrero de 2017 se produjo una avería en la tubería general de agua de Avda. Malecón, concretamente el día 19 de febrero. 2) Es cierto, que como consecuencia de la rotura, se tuvo que cortar el agua a la zona, hasta restablecer el servicio provisionamente mediante tuberías secundarias.* ***3) No es cierto que al restablecer el servicio la presión de agua fuera superior a la presión de trabajo habitual en la zona, ya que por una parte a esta zona se abastece desde una reguladora de presión tarada aguas abajo a una presión máxima de 6,5 Kg/cm2, con el objetivo de proteger las redes municipales de fibrocemento, que se comportan muy mal ante presiones elevadas y golpes de ariete. Por otra parte, las maniobras para restablecer el servicio después de cualquier avería se realizan controladamente, evitando los golpes de ariete, y nuevas roturas en la red. La prueba de que las operaciones se realizaron correctamente y de que no se produjo ninguna sobrepresión, es que al restablecer el servicio no se produjo ninguna otra avería en las múltiples redes municipales del casco de Riveira o de la parroquia de Castiñeiras (que también se abastece desde esta zona). Cabe destacar también, que las exigencias en cuanto a presión de las tuberías interiores según normativa son mayores que las de las de una red municipal.*** *4) Este servicio tiene constancia del siniestro reclamado, ya que la compañía de seguros del edificio ya nos notificó el mismo, y también se ha respondido por escrito a su reclamación. 5) Viaqua no ha realizado ninguna actuación, ya que no se considera responsable del siniestro, como así se le ha comunicado al reclamante. 6) La tuberías dañadas objeto de la reclamación pertenecen a la instalación interior de agua potable del edificio. Las condiciones que tienen que cumplir estas instalaciones las determina el* ***CTE****, aprobado mediante Real Decreto 314/2006. En su documento Básico HS4 (Suministro de agua), apartado 3.2.1.2.6. Ascendentes o montantes;* ***"4) En su parte superior deben instalarse dispositivos de purga, automáticos o manuales, con un separador o cámara que reduzca la velocidad del agua facililtando la salida del aire y disminuyendo los***



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

***efectos de los posibles golpes de ariete"****, también se indica en el apartado 3.2.1.5.2. Sistemas de reducción de la presión;* ***"1) Deben instalarse válvulas limitadoras de presión en el ramal o derivación pertinente para que no se supere la presión de servicio máxima establecida."*** *En el caso de que la edificación sea anterior a la entrada en vigor del CTE, la Ley 38/1999, del 5 de noviembre, de ordenación de la edificación (LOE), de aplicación a todas aquellas obras de nueva construcción así como en edificios existentes en los que se solicita licencia de edificación a partir de la entrada en vigor de dicha ley, establece en su art. 3.2. lo siguiente: "El código técnico de edificación es el marco normativo que establece las exigencias básicas de calidad de los edificios y de sus instalaciones. Las normas básicas de edificación y demás reglamentos técnicos de obligado cumplimiento constituyen, a partir de la entrada en vigor de esta ley, la reglamentación técnica hasta que se apruebe el código técnico de edificación." Antes de la entrada en vigor del CTE, la normativa de obligado cumplimiento para este tipo de instalaciones eran las* ***"Normas Básicas para las instalaciones interiores de suministro de agua"*** *aprobadas mediante Orden de 9 de diciembre de 1975 (BOE-A-1976-697). En el Título primero, apartado 1. Objeto; se establece que:* ***"El objeto de estas normas es establecer las condiciones mínimas que deben exigirse a las instalaciones interiores para lograr un correcto funcionamiento, en lo que se refiere a la suficiencia y regularidad del suministro para condiciones de uso normales."*** *Según Apartado 1.4.1 de las Normas Básicas se establece:* ***"Los materiales empleados en tuberías y griferías de las instalaciones interiores deberán ser capaces, de forma general y como mínimo para un presión de trabajo de 15kg/cm2, en previsión de la resistencia necesaria para soportar la de servicio y los golpes de ariete provocados por el cierre de los grifos."***

Dos informes recadados na instrución do expediente, pódese chegar á conclusión de que non resulta acreditado o nexo causal entre os danos producidos nas vivendas do edificio *"Agro do Río"* e a actuación da Administración.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 05/12/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Teresa Maneiro Ces, en nome e representación de HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**1.-** A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, de data 29/11/2018 (Rexistro de saída nº 91379/RX1742640), e rexistrado de entrada en data 30/11/2018 co nº 17.127, relativo á titularidade da estrada que dá acceso á autovía AG-11 en Palmeira (Ramal de conexión da AC-305 e o enlace de Palmeira da AG-11)

**SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS "BONO BUS" – CURSO 2018-2019**

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 03/12/2018, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2018-2019

Vista a documentación que consta no expediente

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

| | |
|---|---|
| Álvarez Vidal, Alejandro | 54224189X |
| Ageitos Franco, David | 53798515C |
| Arca Vidal, Laura | 54226714M |

Destino Vigo

| | |
|---|---|
| Vidal Sampedro, Marta | 54224328B |
| Miranda Cadórniga, Enrique | 53799011X |

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE PARCELA DENOMINADA "TOMADA" OU "GURUGÚ", PROPIEDADE DOS HERDEIROS DE Dª Mª DE LOS DOLORES CARMEN SARASQUETE HERMO, PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE.**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º** Na data 19 de setembro do 2018, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte: *"Nas aforas da parroquia de Riveira, deste municipio, atópase o Parque Periurbano de San Roque, de titularidade municipal, que constitúe unha zona temático-cultural ao aire libre onde aprender vendo réplicas vinculadas co noso pasado. Aínda que o referido Parque posúe unha importante extensión, este Concello*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53

DOCUMENTO: 20180298009
Fecha: 13/12/2018
Hora: 10:40

*pretende a ampliación do mesmo, co obxecto de dotalo de novos servizos e proceder á implantación de novas actividades que poidan desenvolver os visitantes que acoden ao Parque. Así, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/11/2016, procedeuse á compra dunha parcela coa referencia catastral 15074A005002910000KG, co fin de proceder á ampliación do mencionado espazo público. Sen embargo, é necesario seguir adquirindo terreo lindeiro co Parque para por en marcha os proxectos que se pretenden levar a cabo nel, polo que se considera necesaria a adquisición da parcela de referencia catastral 15074A008002850000KP, cunha superficie de mais de 4.000 metros cadrados e propiedade dos herdeiros de dona Mª de los Dolores Carmen Sarasquete Hermo."*

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda da finca antes referida.

**2º** Consta no expediente informe emitido na data 22 de outubro de 2018 polo arquitecto municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, no que valora o inmoble que se pretende adquirir na contía de 42.057 euros.

**3º** Así mesmo, consta no expediente informe de idoneidade da parcela, emitido pola enxeñeira municipal na data 23/10/2018.

**4º** Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, recadouse a documentación referida ao citado inmoble: datos catastrais e títulos de propiedade.

**5º** Tamén consta no expediente nota simple informativa de data 05/11/2018, solicitada ao Rexistro da Propiedade de Noia mediante oficio da alcaldía do 02/11/2018, e na que se fai constar a inexistencia de cargas rexistradas.

**6º** Na data 23/11/2018, o interventor municipal emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, en concreto na aplicación orzamentaria 151.60000.

Así mesmo, fai constar que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o exercicio 2018 ascenden a 1.904.010,83 €.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**




| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

***PRIMEIRO.-*** O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta…) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporación Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmoble, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmobles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidade locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisicións de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

***SEGUNDO.-*** No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, do inmoble que se describe a continuación:

*Descrición:* *Finca denominada "GURUGÚ" ou "TOMADA", a inculto con penedos e toxal, sita no lugar de Fondevila, parroquia e municipio de Riveira, de*



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

*4.151 metros cadrados, que linda: Norte, monte comunal denominado "Coba do Valín"; Sur, camiño de carro; Este, finca número 8.526; e Oeste, herdeiros de Isidoro Picher.*

*Titulares do inmoble: Dona Mª Francisca Queiruga Sarasquete, con DNI número 32308976W, 6/24 partes, en pleno dominio; D. Antonio Lucrecio Queiruga Sarasquete, con DNI número 32374751C, 6/24 partes, en pleno dominio; Dª Mª Dolores Paz Queiruga, con DNI número 32764691H, 2/24 partes, en pleno dominio; D. Daniel Paz Queiruga, con DNI número 32785872Q, 2/24 partes, en pleno dominio; Dª Verónica Paz Queiruga, con DNI número 32822334T, 2/24 partes, en pleno dominio; Dª Mª del Carmen Martín Vázquez, con DNI número 32301124Q, el usufruto de 6/24 partes; D. Juan Manuel Queiruga Martín, con DNI número 32774073Q, 3/24 partes, en nuda propiedade; e D. Pablo Queiruga Martín, con DNI número 32830431R, 3/24 partes, en nuda propiedade.*

*Título: Herdanza de Dª Mª Dolores del Carmen Sarasquete Hermo, en virtude do testamento outorgado ante o Notario da Coruña, D. Manuel Otero Peón, na data 03/01/1.961 co número 7 do seu protocolo.*

*Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 207 do Tomo 445 do Arquivo, Libro 76 de Riveira, finca número 8.527.*

*Referencia catastral: 15074A008002850000KP.*

*Clasificación do solo: Solo rústico común ou ordinario.*

*Cargas: Non consta a existencia de cargas.*

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

**TERCEIRO.-** En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 22 de outubro de 2018 polo arquitecto municipal, no que se valora o inmoble do que se pretende a súa adquisición nun total de 42.057 €.

En informe emitido na data 23/11/2018, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

**CUARTO.-** En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmobles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

A estes efectos, a adquisición dun ben inmoble é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

Público. A referida lei prevé que teñen a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma *"Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorporales, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se regirán por la legislación patrimonial."* E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

a) Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
b) Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
c) Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.
d) Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, no informe emitido na data 23 de outubro do 2018 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: *"En las afueras de la parroquia de Riveira, de este municipio, se encuentra el "Parque Periurbano de San Roque", de titularidad municipal, que constituye una zona temático-cultural al aire libre donde aprender viendo réplicas vinculadas con nuestro pasado. Aunque el Parque posee una importante extensión, ya que cuenta con una superficie de unos 171.563 metros cuadrados (finca con la referencia catastral 15074A005004130000KB), la Corporación Municipal tiene entre sus proyectos la ampliación del mismo, con el fin de dotarlo de nuevos servicios y proceder a la implantación de nuevas actividades que puedan desarrollar los visitantes que visitan el Parque. Así se indica en la Providencia de la Alcaldía de 19 de septiembre de 2018, por la que se inicia expediente administrativo para la adquisición de terreno para la ampliación del*



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |

*Parque, en concreto para la adquisición de la parcela con la referencia catastral 15074A008002850000KP, propiedad de los herederos de Dª Mª de los Dolores Carmen Sarasquete Hermo. Esta finca propiedad de los herederos de la Sra. Sarasquete Hermo, tiene una superficie de 4.151 metros cuadrados, lo que la convierte en una de las parcelas de mayor superficie del lindero Este de Parque, ya que la mayoría son pequeñas parcelas alargadas y estrechas que configuran un conjunto de numerosas fincas, cuya adquisición sería más dificultosa. Además constituye un terreno inmediato al Parque Periurbano, característica necesaria para la ampliación del recinto municipal, contando, así mismo, con acceso propio ya que la finca linda con camino por sus linderos Sur y Oeste. Todas estas características: superficie, situación inmediata y acceso propio, es lo que hacen que esta parcela sea especialmente idónea al objeto de su adquisición por el Ayuntamiento, lo que imposibilita la adquisición de otra finca y justifica plenamente la imposibilidad de promover la concurrencia de ofertas";* o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

***QUINTO.-*** O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/12/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

***Primeiro.-*** Adquirir o inmoble descrito no Fundamento Segundo deste informe, coa referencia catastral 15074A008002850000KP, propiedade de Dª Mª Francisca Queiruga Sarasquete, D. Antonio Lucrecio Queiruga Sarasquete, Dª Mª Dolores Paz Queiruga, D. Daniel Paz Queiruga, Dª Verónica Paz Queiruga, Dª Mª del Carmen Martín Vázquez, D. Juan Manuel Queiruga Martín e D. Pablo Queiruga Martín, polo prezo total de 42.057 €., que se fará efectivo mediante os correspondentes cheques nominativos coa sinatura da escritura pública de compravenda, da seguinte forma:

- A Dª Mª Francisca Queiruga Sarasquete, a cantidade de 10.514,25 €.
- A D. Antonio Lucrecio Queiruga Sarasquete, a cantidade de 10.514,25 €.
- A Dª Mª Dolores Paz Queiruga, a cantidade de 3.504,75 €.
- A D. Daniel Paz Queiruga, a cantidade de 3.504,75 €.
- A Dª Verónica Paz Queiruga, a cantidade de 3.504,75 €.
- A Dª Mª del Carmen Martín Vázquez, a cantidade de 1.261,71 €.
- A D. Juan Manuel Queiruga Martín, a cantidade de 4.626,27 €.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

- A D. Pablo Queiruga Martín, a cantidade de 4.626,27 €.

***Segundo.-*** O fin da adquisición deste inmoble é destinalo á ampliación do Parque Periurbano de San Roque.

***Terceiro.-*** As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

***Cuarto.-*** Incluír o inmoble adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.

***Quinto.-*** Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmoble, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

***Sexto.-*** Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a lexislación hipotecaria.

***Sétimo.-*** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

**AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA INTERURBANA DE TAXI Nº 30 DA QUE É TITULAR D. ROGELIO ESTÉVEZ DIOS**

**VISTA** a solicitude presentada por **D. Rogelio Estévez Dios**, DNI nº 33.180.187-L, con data 30 de novembro de 2018 (Rexistro de entrada nº 17.158) no senso de que se proceda á substitución do vehículo adscrito á licenza interurbana de taxi nº 30 (Vehículo anterior: Peugeot 407, matrícula 3315 FHV – Vehículo actual: Citroen C-Elysée, matrícula 9209 KRW).

**CONSIDERANDO** o disposto no **artigo 31 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia**.

**ACREDITADO** o cumprimento dos requisitos e considerando o disposto na **Sección 2ª do Capítulo III do Decreto 103/2018** para autorizar a devandita substitución do vehículo adscrito á licenza interurbana de taxi nº 30.

**A Xunta de Goberno Local acorda** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro: -Autorizar a substitución** do vehículo adscrito á licenza interurbana de taxi nº 30 (Vehículo anterior: Peugeot 407, matrícula 3315 FHV – Vehículo actual:



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | DOCUMENTO: 20180298009<br>Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |
|---|---|---|

Citroen C-Elysée, matrícula 9209 KRW), da que é titular **D. Rogelio Estévez Dios**, DNI nº 33.180.187-L.

**Segundo: -Remitir unha copia** da solicitude de substitución e da documentación existente á Dirección Xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia ós efectos da emisión de informe, no prazo dun mes, sobre a procedencia de **substitución** do vehículo adscrito á licenza interurbana de taxi nº 30.

**Terceiro: -**Notificalo presente acordó ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Cuarto: -**Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como ó concelleiro delegado de tráfico tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**O Alcalde** | **Dou fe, o secretario xeral**

**Manuel Ruiz Rivas** | **Juan Manuel Salguero del Valle**




| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200048C1900F4M6O0J9A6X2 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180298009 |
|---|---|---|
| | MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/12/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/12/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/12/2018 10:40:53 | Fecha: 13/12/2018<br>Hora: 10:40 |